El Ideal Gallego
Medio: EL IDEAL GALLEGO
Fecha: 30/07/2017
Página: 34 Documento: 1/1
Autor: REDACCIÓN
Valor (vpe): 6.093,00€
Difusión: 5.000
Audiencia: 20.000
Ocupación aprox. (%) : 100,00



# Amores célebres: Bolívar e Manuela Sáenz

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



As cartas que Manuela lle envía ao xeneral son dunha extraordinaria beleza e intensidade. Só a mediados so século XX empezou a ser recoñecida como heroína da independencia.

Unha fanfarria de cantos, música, foguetes e volteo de campás precedía a entrada de Simón Bolivar en Quito, recen liberada do dominio español. A xente entusiasmada aclamaba o seu libertador nunha gran festa. Rapazas fermosamente ataviadas lanzaban desde as balconadas flores, pétalas e herbas perfumadas. A coroa de loureiro que lle lanzou Manuela Sáenz rozou a Bolivar. Este buscou a procedencia do agasallo e topou cos ollos negros e co rostro ovalado e fermoso da rapaza, que cravou nel a mirada. Aquela mesma noite foron presentados no baile. Virían oito anos de paixón e de escándalo (ao estar ela casada). Manuelita sería o gran amor de Bolivar.

Un dos episodios máis coñecidos tivo lugar a noite do 25 de setembro de 1828 cando se enfrentou, armada, a un grupo de partidarios de Franciso de Paula que intentaban asasinar a Bolivar. A intervención de Manuela permitiulle liscar dos seus agresores, agochándose debaixo dunha ponte.

"General Simón Bolivar. Señor mío, mi amor: No me basta decir te quiero; por eso lo escribo, por la necesidad y el apremio de mi pecho. Quiero grabarlo en las nubes, en el cielo de mi Quito quiero; en el Pichincha es mi anhelo, y en su Colombia como una antorcha, inundada de luz por nuestro amor y por la gloria. Lléveme con usted al mismo abismo, donde grito y ruego que lo quiero. Deje usted allí crecer mis besos y esos besos suyos bajo el sol de la esperanza y en silencio, como crecen las flores en esta tierra suya donde vieron nacer su hombría y sus desvelos", escribía Manuela. Páxinas de amor louco, cego, entre esta culta, fermosa e temeraria quiteña e o héroe triunfante e revolucionario. Noutra misiva lemos: "Mi genio, mi Simón, amor mío. Amor intenso y despiadado. Solo por la gracia de encontrarnos daría hasta mi último aliento, para entregarme toda a usted con mi amor entero; para saciarnos y amarnos en un beso suyo y mío, sin horarios, sin que importen el día y la noche y sin pasado, porque usted mi señor es el presente mío, cada día, y porque estoy enamorada, sintiendo en mis carnes el alivio de sus caricias. Le guardo la primavera de mis senos y el envolvente terciopelo de mi cuerpo, que son suyos". A carón da beleza exaltada das palabras da dama, as de Bolivar resultan torpes, vulgares: "Tú quieres verme siquiera con los ojos. Yo también quiero verte y reverte y tocarte y sentirte y saborearte y unirte a mi por todos los contactos".

De nena vía, desde o corredor da súa casa, as tristes fileiras dos prisioneiros insurxentes, o que suscitou o seu afecto e a súa admiración cara eles. A axuda de Manuela ao Libertador durante os anos da xesta emancipadora foi fundamental; pero ao morrer Bolivar foi encarcerada e logo desterrada, negándoselle todo, menos o desprezo. Sobreviviu en Paita, onde recibiu, entre outras, a visita de Hermann Melville e Garibaldi. Elaboraba doces, tecidos e broslados para a venta, pois as rendas da súa facenda en Catahuango éranlle retidas. Parece que tamén deu algunhas aulas de inglés e que bautizaba nenos, sempre que se lles puxese de nome Simón ou Simona.



Ilustración de Xurxo Gómez Chao

## librosRecomendados



### O TEU CORPO A ORIENTE E OCCIDENTE
PEDRO CASTELEIRO

**EDITORIAL ATRAVÉS. SANTIAGO, 2017. 73 PÁXINAS.**
El escritor y abogado Pedro Casteleiro publica un libro de poemas que, como muy bien prologa Alfredo Ferreiro, conjuga la vanguardia con la atemporalidad de la poesía universal.



### MANUEL MARÍA. LIBRO COLECTIVO DE HOMENAXE
VARIOS AUTORES

**EDITA DEPUTACIÓN DE LUGO, 2017. 594 PÁXINAS.**
Con motivo de la dedicación del Día das Letras Galegas en el año 2016, se publica este volumen que reúne un conjunto de textos que casi quinientas personas de distintas procedencias y facetas, han redactado como homenaje al poeta.



### EL GIRO
STEPHEN GREENBLATT

**EDITORIAL PLANETA. BARCELONA, 2016. 318 PÁXINAS.**
En 1417, un humanista italiano descubrió "De rerum natura", el poema filosófico de Tito Lucrecio que pretendía liberar al hombre del temor a los dioses. Su difusión fue una de las fuentes del giro cultural del Renacimiento.



### LA JAULA ESCONDIDA
ALBERTO CURIEL RIVERA

**ALGAIDA EDICIONES. MADRID, 2017. 424 PÁXINAS**
En este libro se unen la tensión de la novela psicológica, la Historia, un amor interrumpido, el thriller y la vida de una joven envuelta en los crímenes de una secta con extrañas prácticas sexuales y conexiones con la Teoría de la Relatividad.